

**ACTA NÚMERO: 32/2024**

**ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 26 DE SETEMBRO DE 2024.**

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 26 de setembro de 2024 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

**Presidenta:** D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

**Vogais da Mesa de Contratación:**

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**ORDE DO DÍA:**

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 19 de setembro de 2024 (Reunión 31/2024).*
2. *Dar conta da oferta presentada polo Real Club Náutico de Sanxenxo, no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, tramitado para a contratación do patrocinio deportivo do Campionato de Europa de Vela na clase 6 MR. Expte.- 2024056689).*
3. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de consultaría para a elaboración dunha análise-diagnóstico de novas oportunidades da Rede MOVE dos proxectos "Da túa man" rural I e rural II presentados ás convocatorias de axudas 2022 e 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais do Ministerio de Economía, Comercio e Empresa no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (Expte.- 2024050912).*
4. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de consultaría para a elaboración dunha análise-diagnóstico de novas oportunidades da Rede MOVE dos proxectos "Da túa man" rural I e rural II presentados ás convocatorias de axudas 2022 e 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais do Ministerio de Economía, Comercio e Empresa no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (Expte.- 2024050912).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.



**1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 19 de setembro de 2024 (Reunión 31/2024).**

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 19 de setembro de 2024 (Reunión 31/2024).

**2. Dar conta da oferta presentada polo Real Club Náutico de Sanxenxo, no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, tramitado para a contratación do patrocinio deportivo do Campionato de Europa de Vela na clase 6 MR. Expte.- 2024056689).**

Por acordo da Xunta de Goberno, na sesión ordinaria de data 20 de setembro de 2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio deportivo do Campionato de Europa de Vela na clase 6 MR, cun valor máximo estimado de 125.000,00 €, IVE engadido.

No citado acordo tamén se procedeu a invitar ao Real Club Náutico de Sanxenxo (G36027621), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 20/09/2024.

O Real Club Náutico de Sanxenxo (G36027621), presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	103.305,79 €
IVE (21 %)	21.694,21 €
Importe ofertado con IVE	125.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada polo Real Club Náutico de Sanxenxo (G36027621), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do patrocinio deportivo do Campionato de Europa de Vela na clase 6 MR.

**3. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de consultaría para a elaboración dunha análise-diagnóstico de novas oportunidades da Rede MOVE dos proxectos "Da túa man" rural I e rural II presentados ás convocatorias de axudas 2022 e 2023 para o apoio da actividade comercial en**



**zonas rurais do Ministerio de Economía, Comercio e Empresa no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (Expte.- 2024050912).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2024006961 de data 29 de agosto de 2024 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da contratación do “servizo de consultaría para a elaboración dunha Análise-Diagnóstico de novas oportunidades da Rede MOVE dos proxectos “Da túa man” rural I e rural II presentados ás convocatorias de axudas 2022 e 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais do Ministerio de Economía, Comercio e Empresa no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 30 de agosto de 2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A Mesa de Contratación, na reunión de data de 19 de setembro de 2024, procedeu á apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa e á documentación avaliable mediante criterios que precisan xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de consultaría para a elaboración dunha Análise-Diagnóstico de novas oportunidades da Rede MOVE dos proxectos “Da túa man” rural I e rural II presentados ás convocatorias de axudas 2022 e 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais do Ministerio de Economía, Comercio e Empresa no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (Expte.- 2024050912), sendo os licitadores presentados e admitidos os seguintes:

C.I.F.	EMPRESAS
B85132496	ALAMCIA, S.L.
A36196418	ESTRATEGIA Y ORGANIZACION SA
B87352340	AUREN CONSULTORES SP SLP
B15757941	CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS SL

O xefe do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, Manuel Corujo Castro, con data 24 de setembro de 2024, emite un informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polas empresas admitidas, figurando co seguinte resultado:

Empresas Licitadoras	1. Proposta estratéxica do plan de medios Puntuación máxima: 20 puntos	2. Mesas de traballo Puntuación máxima: 18 puntos	3. Diagnóstico e definición do alcance Puntuación máxima: 6 puntos	TOTAL Puntuación máxima: 44 puntos



ALAMCIA SL	2,50	1,50	0,00	<b>4,00</b>
AUREN CONSULTORES SP, S.L.P.	3,00	3,00	1,00	<b>7,00</b>
CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS SL	11,00	10,00	2,00	<b>23,00</b>
ESTRATEGIA Y ORGANIZACION, S.A.	16,00	18,00	3,00	<b>37,00</b>

A Mesa de Contratación, en base ó informe emitido con data 24 de setembro de 2024, polo xefe do servizo, Manuel Corujo Castro, acorda:

- 1) Prestar conformidade ás puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do *“servizo de consultaría para a elaboración dunha Análise-Diagnóstico de novas oportunidades da Rede MOVE dos proxectos “Da túa man” rural I e rural II presentados ás convocatorias de axudas 2022 e 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais do Ministerio de Economía, Comercio e Empresa no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU”*.
  - 2) Propor ó órgano de contratación a exclusión das ofertas presentadas polas empresas ALAMCIA S.L. e AUREN CONSULTORES SP, S.L.P. por non alcanzar a valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (22 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas, de conformidade coa cláusula 10.1 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexen este procedemento aberto simplificado.
- 4. Apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de consultaría para a elaboración dunha análise-diagnóstico de novas oportunidades da Rede MOVE dos proxectos “Da túa man” rural I e rural II presentados ás convocatorias de axudas 2022 e 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais do Ministerio de Economía, Comercio e Empresa no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (Expte.- 2024050912).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do *“servizo de consultaría para a elaboración dunha análise-diagnóstico de novas oportunidades da Rede MOVE dos proxectos “Da túa man” rural I e rural II presentados ás convocatorias de axudas 2022 e 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais do Ministerio de Economía, Comercio e Empresa no marco do Plan de*



*Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU".*

<b>EMPRESAS LICITADORAS</b>	<b>PUNTUACIÓN SOBRE A</b>
ALAMCIA SL	<b>4,00</b>
AUREN CONSULTORES SP, S.L.P.	<b>7,00</b>
CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS SL	<b>23,00</b>
ESTRATEGIA Y ORGANIZACION, S.A.	<b>37,00</b>

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación do devandito servizo e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (22 puntos) en función dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

<b>LICITADORES</b>	<b>SOBRE B</b>			
	<b>OFERTA ECONÓMICA (sen IVE)</b>	<b>EXPERIENCIA PERSOA DIRECTORA (TRABALLOS OFERTADOS A MAIORES DO MÍNIMO)</b>	<b>MESAS DE TRABAJO A MAIORES DO MÍNIMO</b>	<b>DIAGNÓSTICOS INDIVIDUALIZADOS A MAIORES DO MÍNIMO</b>
ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN S.A.	44.722,00 €	23	2	16
CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS, S.L.	57.000,00 €	0	2	16

A continuación procédese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN S.A., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.



A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir a citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifique a oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar este contrato.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e sete minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

